

ARTIGOS E CONTRACIÓNS



Completa coas contraccións dos artigos determinados (o, a, os, as).

- Díxolles _____ compañeiros que iría _____ parque _____ autobús.
- Fun _____ amigas de Pilar _____ festa sorpresa que lle organizaron _____ casa.
- Ese novo hospital foi inaugurado _____ concelleiro _____ vila veciña.

Di de que tipo (artigo, demostrativo, posesivo, numeral ou indefinido) é cada determinante.

- | | |
|-------------------|------------------|
| • corenta ▶ _____ | • as ▶ _____ |
| • aquelas ▶ _____ | • algúns ▶ _____ |
| • poucas ▶ _____ | • miña ▶ _____ |
| • vosas ▶ _____ | • estas ▶ _____ |

Escrebe un artigo determinado (D) ou indeterminado (I) a carón de cada substantivo.

- | | |
|---------------------|--------------------|
| • (D) _____ lámpada | • (I) _____ equipo |
| • (I) _____ porta | • (D) _____ homes |
| • (D) _____ olivas | • (I) _____ coxíns |

Completa as oracións coas contraccións axeitadas.

- O percorrido _____ autobús de liña transcorre _____ aforas _____ vila.
- Necesitamos ir _____ aeroporto _____ camiño máis curto.
- O alcalde interesouse _____ veciños que viven _____ dos barrios máis humildes.
- O director _____ escola acudiu _____ reunión _____ pais _____ alumnos.

Fixate nos determinantes destacados e di se son artigos, demostrativos, posesivos, numerais ou indefinidos.

- O **meu** irmán é **aquel** rapaz que vai cargado con **tantas** caixas.

- **A** tía Clara e **o** tío André virán pasar con nós **dous** días.

Risca dous termos intrusos en cada caso.

POSESIVOS

meu eles nosas súas eu miñas teu

DEMOSTRATIVOS

este noso iso che aquel isto esas